




CONCELLO  
DE  
**R I B E I R A**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

**RI**❤️**EIRA**



# **RIBEIRA: MUNICIPIO TURÍSTICO**

## **DESTINO PARA ESCOLARES**



CONCELLO  
DE  
**R I B E I R A**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

**RI****EIRA**



1.	RIBEIRA: INFORMACIÓN DO CONCELLO .....	3
2.	RIBEIRA COMO DESTINO DE APRENDIZAXE.....	4
3.	RIBEIRA COMO DESTINO DE APRENDIZAXE SOBRE A PREHISTORIA .....	5
3.1.	PARQUE PERIURBANO DE SAN ROQUE E CENTRO DE INTERPRETACIÓN ARQUEOLÓXICA.....	5
3.2.	CASTRO DA CIDÁ E MIRADOIRO DA PEDRA DA RA.....	7
3.3.	DOLMEN DE AXEITOS .....	9
4.	RIBEIRA COMO DESTINO DE APRENDIZAXE A TRAVÉS DOS MUSEOS .....	11
4.1.	FUNDACIÓN MUSEO DE ARTES DO GRAVADO Á ESTAMPA DIXITAL.....	11
4.2.	MUSEO ETNOGRÁFICO DE ARTES.....	12
5.	RIBEIRA COMO DESTINO DE APRENDIZAXE SOBRE A NATUREZA .....	13
5.1.	PARQUE NATURAL DO COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN .....	13
5.2.	CAMIÑOS NATURAIS DO PARQUE NATURAL DO COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN .....	14
5.3.	CABO E FARO DE CORRUBEDO .....	15
6.	ÁREAS RECREATIVAS CON MESAS E BANCOS DE USO PÚBLICO.....	17
7.	PROPOSTA DE ITINERARIOS ADAPTABLES ÁS NECESIDADES DE CADA COLEXIO .....	18
7.1.	RIBEIRA PREHISTÓRICA.....	18
7.2.	RIBEIRA MUSEÍSTICA .....	19
7.3.	RIBEIRA NATURAL.....	20
8.	CONTACTO PARA SOLICITAR INFORMACIÓN .....	21



## 1. RIBEIRA: INFORMACIÓN DO CONCELLO

O municipio de Ribeira pertence á provincia da Coruña, localizándose no extremo norte da ría de Arousa. Xunto cos concellos da Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo forma a comarca do Barbanza, nome que provén da serra que, xunto coa ría, define a contorna paisaxística da zona. Como destino turístico, o territorio é recoñecido por Arousa Norte ou Barbanza Arousa.



O concello está formado por nove parroquias que dividen o territorio: Aguiño, Artes, Carreira, Castiñeiras, Corrubedo, Oleiros, Olveira, Palmeira e Ribeira; das cales a de Oleiros é a única sen comunicación co mar. E a el pertencen as illas de Rúa e de Sálvora. Precisamente, o arquipélago de Sálvora delimita o espazo mariño de augas da ría de Arousa, máis tranquilas; das do océano Atlántico, cunha ondada propia do mar aberto.

Como recursos patrimoniais coñecidos destacan o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (ao cal pertence o arquipélago de Sálvora); o Parque Natural do Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán; o patrimonio arqueolóxico formado polo dolmen de Axeitos, o petróglifo de Pedra das Cabras e o castro da Cidá; as súas praias, principalmente a do Vilar; as vilas mariñeiras tradicionais de Corrubedo e Palmeira; os seus cinco museos e centros de interpretación; e os seus miradoiros, entre os que destaca a Pedra da Ra.

As principais vías de entrada ao municipio son a autovía do Barbanza (AG-11) e a estrada AC-305 que discorre paralela a ela; e tamén a estrada AC-550 que comunica Ribeira con Cee pasando polos concellos de Porto do Son, Noia, Outes, ....



## 2. RIBEIRA COMO DESTINO DE APRENDIZAXE

Cada ano centos de rapaces e rapazas en idade escolar de toda Galicia visitan o concello de Ribeira dende o comezo do período lectivo en setembro ata o seu fin en xuño.

Os puntos que marcan o inicio do percorrido destas saídas didácticas son o Centro de Interpretación Arqueolóxica do Parque Periurbano de San Roque e o Centro de Interpretación dos Ecosistemas Litorais de Galicia (CIELGA) como iconas de representación da riqueza de patrimonio arqueolóxico e natural que existe no municipio.

As visitas que ata o de agora se realizan nestes centros serven de apoio á aprendizaxe recibida nas aulas durante o curso escolar e como introdución a outros recursos que se poden incluír nos itinerarios de saídas do alumnado.

Este documento presenta unha listaxe de recursos que poden ser visitados polos centros educativos e outra información necesaria para a organización das visitas.



### 3. RIBEIRA COMO DESTINO DE APRENDIZAXE SOBRE A PREHISTORIA

A comarca do Barbanza conta con abundante patrimonio cultural de cada unha das etapas máis antigas da historia de Galicia: Neolítico, Idade do Bronce e Idade do Ferro. A singularidade do concello de Ribeira é que cada un deses períodos ten representación en recursos accesibles e visitables que se atopan en diferentes parroquias do concello. E como antesala de visita a ese patrimonio pode realizarse un percorrido guiado polo Centro de Interpretación Arqueolóxica do Parque Periurbano de San Roque.

#### 3.1. PARQUE PERIURBANO DE SAN ROQUE E CENTRO DE INTERPRETACIÓN ARQUEOLÓXICA

Nas inmediacións da cidade de Ribeira atopase este espazo natural e cultural que funciona como museo ao aire libre da Prehistoria galega. O acceso en coche e/ou autobús realízase nun desvío que existe na estrada que comunica o lugar de Xarás coas parroquias de Carreira e Aguiño.

Os principais espazos deste parque son as tres grandes áreas de réplicas prehistóricas e o Centro de Interpretación Arqueolóxica, ademais doutros exemplos do patrimonio cultural como un hórreo galego, un invernadoiro, un anfiteatro e un lavadoiro; e do patrimonio natural como o miradoiro de San Roque e as diferentes especies de árbores que medran no seu terreo.



O edificio que alberga o **Centro de Interpretación Arqueolóxica** atopase na entrada do complexo, enfronte do aparcadoiro con capacidade para estacionar autobuses. Este edificio conta con dúas exposicións: *A pegada e o reflexo* e *A través do tempo*. A primeira delas é unha sala dividida segundo os tres períodos máis importantes da Prehistoria no territorio e con representacións das manifestacións culturais de cada unha delas. Isto quere dicir, que o alumnado a través de recursos didácticos ampliará coñecementos sobre os dolmens, mámoas e menhires do Neolítico; petróglifos da Idade do Bronce; e castros da Idade do Ferro.



A sala da exposición *A través do tempo* contén paneis con información sobre o patrimonio natural e cultural que define ao concello de Ribeira con elementos tan importantes na cultura galega como son a dorna, as artes de pesca, o hórreo, o carro; o patrimonio natural a través do coñecemento das especies de fauna e flora máis características do lugar,... E singularidades como o funcionamento da lonxa de Ribeira ou o afundimento do vapor Santa Isabel nas costas de Sálvora en 1921.

O exterior do **Parque Periurbano de San Roque** está organizado en áreas prehistóricas con réplicas de manifestacións culturais das etapas prehistóricas. Así, na zona do Megalitismo poden verse reproducións dun dolmen, unha mámoa, un menhir, un círculo lítico e un aliñamento de pedras. Nesta zona tamén se atopa o miradoiro de San Roque con vistas á cidade de Ribeira e o seu porto; á parroquia de Palmeira; e á ría de Arousa.

A zona da Idade do Bronce está formada por un conxunto de petróglifos que se distribúen nas rochas dunha ampla área. Destaca entre eles a representación do petróglifo de Pedra das Cabras (o orixinal atópase en Palmeira) formado por dous cervos coa característica de que cada un deles ten seis patas como querendo simular o movemento.

A última área é a que representa á cultura castrexa na que se poden ver a reprodución de tres cabanas da Idade do Ferro e que axudan a formarse unha idea de como serían no seu tempo os primeiros asentamentos permanentes das comunidades da época.





<b>Acceso:</b>	Estrada CP-7301 que comunica o lugar de Xarás con Aguiño.
<b>Aparcamento para autobús:</b>	Si.
<b>Visita guiada:</b>	Si.
<b>Duración da visita guiada<sup>1</sup>:</b>	45 minutos no Centro de Interpretación Arqueolóxica + 45 minutos no Parque Periurbano de San Roque.
<b>Reserva previa:</b>	Si para realizar á visita ao Centro de interpretación Arqueolóxica e a visita guiada ao Parque Periurbano de San Roque.
<b>Entrada:</b>	Gratuíta.
<b>Área para realizar a comida:</b>	Si.
<b>Información e reservas:</b>	Centro de Interpretación Arqueolóxica do Parque Periurbano de San Roque 686 587 000 <a href="mailto:turismo@ribeira.gal">turismo@ribeira.gal</a> ; <a href="mailto:turismo@riveira.com">turismo@riveira.com</a>

### 3.2. CASTRO DA CIDÁ E MIRADOIRO DA PEDRA DA RA

Aproximadamente a 1,5 km do Parque periurbano de San Roque localízase a área arqueolóxica do castro da Cidá ao que se accede dende o miradoiro da Pedra da Ra. Este miradoiro foi reformado no ano 2016 polo arquitecto Carlos Seoane. A súa obra foi obxecto de exposición en certames de arquitectura como a XV Bienal de Venecia e na Bienal Internacional de Arquitectura de Arxentina 2016. O recoñecemento á reestruturación do espazo veu co outorgamento do Premio Internacional de Arquitectura FAD neste mesmo ano.

A situación estratéxica do miradoiro permite ofrecer unha explicación do territorio do concello e as súas parroquias; da comarca do Barbanza; da ría de Arousa; e incluso das Rías Baixas galegas xa que as vistas alcanzan as illas Ons e Cíes; e ao cabo Fisterra.



<sup>1</sup> A duración da visita pode adaptarse ás necesidades do centro educativo.





O acceso do miradoiro da Pedra da Ra ao castro da Cidá debe realizarse a pé por un sendeiro sinalizado cun percorrido de 10-15 minutos.

A visita ao recinto realízase en tres paradas: sistema defensivo do castro, zona do antecastro e croa do castro. Esta última é a zona onde se realizaron os estudos de escavación máis profundos durante os anos 2014 e 2015. Segundo as investigacións realizadas calcúlase que o castro ten unha antigüidade de 2.500 anos.

Na zona máis alta do castro, a croa, quedaron ao descuberto 24 estruturas que posiblemente fosen empregadas na súa maior parte como obradoiros de traballo polos habitantes do castro, conclusións ás que chega o arqueólogo que dirixiu ás escavacións en función dos materiais atopados: cerámica, metais, olería,....

De entre elas destaca unha estrutura máis recente, concretamente do século XVIII, da cal existe documentación histórica. Segundo eses documentos, son os restos dunha caseta-vixía que formaba parte dun proxecto máis amplo de vixilancia da costa galega.



<b>Acceso:</b>	Desvío situado na estrada CP-7301 que comunica o lugar de Xarás con Aguiño.
<b>Aparcamento para autobús:</b>	Si.
<b>Visita guiada:</b>	Si.
<b>Duración da visita guiada<sup>2</sup>:</b>	15 minutos no miradoiro da Pedra da Ra + 45 minutos no castro da Cidá.
<b>Reserva previa:</b>	Si para realizar á visita guiada.
<b>Entrada:</b>	Gratuíta.
<b>Área para realizar a comida:</b>	Non.
<b>Información e reservas:</b>	Centro de Interpretación Arqueolóxica do Parque Periurbano de San Roque 686 587 000 <a href="mailto:turismo@ribeira.gal">turismo@ribeira.gal</a> ; <a href="mailto:turismo@riveira.com">turismo@riveira.com</a>

### 3.3. DOLMEN DE AXEITOS

O dolmen de Axeitos é un monumento que pertence á cultura megalítica ou ao fenómeno tumular, tal e como describen os expertos galegos esa época na zona galega. Estímase que ten unha antigüidade de entre 3.600-4.000 anos.



Dentro das manifestacións culturais do Neolítico destacan os dolmens, as mámoas ou túmulos, os menhires e os seus conxuntos (círculos líticos e aliñamentos de pedras). A finalidade dos dolmens e mámoas era de tipo funerario, en moitos casos de uso colectivo.

<sup>2</sup> A duración da visita pode adaptarse ás necesidades do centro educativo.



Existen diferentes tipos de dolmens. O de Axeitos pertence aos denominados de corredor pois ten unha cámara onde descansarían os defuntos e un corredor de acceso a esa cámara. Consérvanse sete lousas da cámara e a pedra que a cubre, ademais das tres do corredor.

<b>Acceso:</b>	Desvío situado na estrada AC-303 que comunica Oleiros con Olveira
<b>Aparcamento para autobús:</b>	Si.
<b>Visita guiada:</b>	Non.
<b>Duración da visita:</b>	15 minutos
<b>Reserva previa:</b>	Non.
<b>Entrada:</b>	Gratuíta.
<b>Área para realizar a comida:</b>	Si.



#### 4. RIBEIRA COMO DESTINO DE APRENDIZAXE A TRAVÉS DOS MUSEOS

O concello de Ribeira conta con cinco espazos museísticos e centros exposición. Dous deles atópanse na parroquia de Artes. A temática da Fundación Museo de Artes permite coñecer diferentes técnicas de gravado dende o século XV e ver obras de artistas recoñecidos a nivel internacional. O Museo Etnográfico de Artes posúe unha das máis extensas coleccións da cultura popular galega.

##### 4.1. FUNDACIÓN MUSEO DE ARTES DO GRAVADO Á ESTAMPA DIXITAL



É un museo único no entorno pois nel realízanse exposicións dedicadas á arte gráfica dende as técnicas máis antigas (século XV) ás contemporáneas. As obras expóñense en tres salas abertas ao público e os fondos do museo están gardados nun gabinete de estampas coas creacións clasificadas segundo a escola á que pertencen.

<b>Acceso:</b>	Desvío situado na estrada CP-7304 que comunica o lugar de Xarás con Artes e Corrubedo
<b>Aparcamento para autobús:</b>	Non. O autobús chega ata un desvío situado a 100 m do museo.
<b>Visita guiada:</b>	Si.
<b>Duración da visita<sup>3</sup>:</b>	60 minutos, aproximadamente. Posibilidade de realizar obradoiros.
<b>Reserva previa:</b>	Si.
<b>Entrada:</b>	Gratuíta.
<b>Área para realizar a comida:</b>	Non.
<b>Información e reservas:</b>	Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital 981 871 342 <a href="mailto:fundartes@gmail.com">fundartes@gmail.com</a>

<sup>3</sup> A duración da visita pode adaptarse ás necesidades do centro educativo.



#### 4.2. MUSEO ETNOGRÁFICO DE ARTES



As tres salas de exposición albergan máis de 1.300 pezas doadas polos veciños de Artes. As temáticas son variadas pero todas elas relacionadas coa cultura galega: os oficios de comezos do século XX, o fogar tradicional galego, os xogos populares, a música galega, as embarcacións e artes de pesca,...

<b>Acceso:</b>	Desvío situado na estrada CP-7304 que comunica o lugar de Xarás con Artes e Corrubedo.
<b>Aparcamento para autobús:</b>	Non.
<b>Visita guiada:</b>	Si.
<b>Duración da visita<sup>4</sup>:</b>	60 minutos, aproximadamente.
<b>Reserva previa:</b>	Si.
<b>Entrada:</b>	Gratuíta para nenos e nenas.
<b>Área para realizar a comida:</b>	Non.
<b>Información e reservas:</b>	Centro Recreativo e Cultural de Artes 981 873 052

<sup>4</sup> A duración da visita pode adaptarse ás necesidades do centro educativo.



## 5. RIBEIRA COMO DESTINO DE APRENDIZAXE SOBRE A NATUREZA

A natureza xoga un papel fundamental no concello de Ribeira: é o único concello galego coa superficie diferenciada nun parque natural e nun parque nacional. Amais diso, a liña costeira dende a lagoa de Vixán ata a praia de Espiñeirido está protexida pola Zona de Especial Conservación (ZEC); a illa de Rúa ten a protección de ZEC, Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) e Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN); gran parte das augas que rodean o concello están protexidas polo Convenio OSPAR dentro do Espazo Mariño das Rías Baixas; e a maior parte das praias do municipio son zona de conservación da pílara das dunas, unha especie en perigo.

### 5.1. PARQUE NATURAL DO COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN

É un dos parques naturais máis visitados de Galicia debido á gran biodiversidade de flora e fauna existente en pouco menos de 1.000 ha que ocupa a zona protexida, ademais pola singularidade da duna móbil de área, a maior do noroeste peninsular.

Ademais de parque natural, está protexido por outras figuras que conservan a área: ZEC Complexo húmido de Corrubedo; ZEPVN do Complexo húmido de Corrubedo; ZEPA do Complexo litoral de Corrubedo; Zona húmida protexida do Complexo das praias e duna de Corrubedo; e Zona húmida de importancia internacional (incluída no Convenio Ramsar) do Complexo de Corrubedo.



Recoméndase comezar a visita do parque natural no Centro de Interpretación dos Ecosistemas Litorais de Galicia (CIELGA) e na Casa da Costa. Esta última, actúa de centro de recepción de visitantes onde é posible visualizar un vídeo sobre a formación do actual parque. O CIELGA é un espazo expositivo e didáctico onde coñecer máis de preto os ecosistemas propios do parque natural e de toda a zona costeira de Galicia.



<b>Acceso:</b>	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Acceso pola estrada CP-7304 que comunica o lugar de Xarás con Artes e Corrubedo e a continuación seguir o desvío cara a CP-7302.</li><li>2. Acceso pola estrada CP-7301 que comunica o lugar de Xarás con Aguiño e a continuación seguir o desvío cara a CP-7302.</li></ol>
<b>Aparcamiento para autobús:</b>	Si.
<b>Visita guiada:</b>	Consultar dispoñibilidade segundo tempada.
<b>Duración da visita<sup>5</sup>:</b>	15 minutos de vídeo + 45 minutos de visita guiada ao CIELGA, aproximadamente
<b>Reserva previa:</b>	Si.
<b>Entrada:</b>	Gratuíta.
<b>Área para realizar a comida:</b>	Si.
<b>Información e reservas:</b>	Dirección Xeral de Conservación da Natureza-Xunta de Galicia 981 547 201 <a href="mailto:dxcn@xunta.es">dxcn@xunta.es</a> 981 878 532 <a href="mailto:parque.natural.corrubedo@xunta.gal">parque.natural.corrubedo@xunta.gal</a>

## 5.2. CAMIÑOS NATURAIS DO PARQUE NATURAL DO COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN

O parque natural ten deseñados cinco sendeiros que achegan ao visitante aos principais recursos do espazo: a praia do Vilar, a lagoa de Vixán, a lagoa de Carregal, o Río do Mar e a duna móbil.



Para realizar estas rutas o parque natural conta cunha guía que explica cada un dos recursos que se atopan a pé do camiño. Convén solicitar esta guía antes de realizar a visita. O nivel de dificultade de todas elas é baixo.

O inicio da ruta que conduce á lagoa de Vixán atópase no aparcadoiro do Vilar (con capacidade para autobuses). Este sendeiro é coñecido como **Camiño da auga** ten unha lonxitude de 2,5 km.

<sup>5</sup> A duración da visita pode adaptarse ás necesidades do centro educativo.



O **Camiño da praia** (que leva ata o areal do Vilar) e o **Camiño da Gandarela** (que discorre pola lagoa de Carregal) teñen o seu comezo no aparcamento da Casa da Costa (tamén con capacidade para autobuses). A primeira das rutas ten unha lonxitude 1,5 km. O Camiño da Gandarela é o máis longo de todos os percorridos e ten unha distancia de 6 km.

Os dous últimos sendeiros son o **Camiño do vento** e o **Camiño do Río do Mar**. O Camiño do vento é unha das pasarelas de madeira máis percorridas polos visitantes, xa que é a que leva ao pé da duna móbil e ten apenas 1,5 km de lonxitude. O Camiño do Río do Mar é un paseo de 3,5 km que permite ter unha perspectiva diferente da duna de arena e acaba na praia, onde a lagoa de Carregal desemboca no mar.

<b>Acceso:</b>	1. Acceso pola estrada CP-7304 que comunica o lugar de Xarás con Artes e Corrubedo e a continuación seguir o desvío cara a CP-7302. 2. Acceso pola estrada CP-7301 que comunica o lugar de Xarás con Aguiño e a continuación seguir o desvío cara a CP-7302
<b>Aparcamento para autobús:</b>	Si.
<b>Visita guiada:</b>	Non.
<b>Duración da visita:</b>	Depende da lonxitude de cada sendeiro.
<b>Reserva previa:</b>	Non.
<b>Entrada:</b>	Espazo ao aire libre.
<b>Área para realizar a comida:</b>	Si.
<b>Información:</b>	Dirección Xeral de Conservación da Natureza-Xunta de Galicia 981 547 201 <a href="mailto:dxcn@xunta.es">dxcn@xunta.es</a> 981 878 532 <a href="mailto:parque.natural.corrubedo@xunta.gal">parque.natural.corrubedo@xunta.gal</a>

### 5.3. CABO E FARO DE CORRUBEDO



Este punto é un dos máis adecuados para admirar a riqueza paisaxística do ZEC do Compelxo húmido de Corrubedo. Esta área protexida esténdese dende a illa de Sálvora (concello de Ribeira) ata o castro de Baroña (concello de Porto do Son). En total comprende unha extensión de 9.263 ha.

Preto do faro de Corrubedo comeza a praia de Balieiros, incluída no espazo protexido. Esta parte do litoral de Ribeira presenta unha cara totalmente diferente da tranquila ría Arousa. Destacan as praias





de mar aberto, con forte ondada; os pequenos cantís e rochedos próximos á costa onde se recolle o percebe; e as praias de cóidos.

A riqueza natural vese completada polo faro de Corrubedo, edificio que hai anos era coñecido como o faro comunista ao emitir naquel momento unha luz vermella. Actualmente pechado ao público, representa un exemplo senlleiro da arquitectura civil galega.

<b>Acceso:</b>	Acceso pola estrada CP-7304 que comunica o lugar de Xarás con Artes e Corrubedo e continuación pola estrada AC-303.
<b>Aparcamiento para autobús:</b>	Si.
<b>Visita guiada:</b>	Non.
<b>Duración da visita:</b>	15 minutos.
<b>Reserva previa:</b>	Non.
<b>Entrada:</b>	Espazo ao aire libre.
<b>Área para realizar a comida:</b>	Non.
<b>Información:</b>	Departamento de turismo do Concello de Ribeira-Centro de Interpretación Arqueolóxica do Parque Periurbano de San Roque 686 587 000 <a href="mailto:turismo@riveira.com">turismo@riveira.com</a> ; <a href="mailto:turismo@ribeira.gal">turismo@ribeira.gal</a>



## 6. ÁREAS RECREATIVAS CON MESAS E BANCOS DE USO PÚBLICO

O concello de Ribeira conta cunha rede de zonas equipadas con mesas e bancos de uso público no que o alumnado poderá facer os seus descanso e gozar dunha comida ou merenda. A continuación expónse unha listaxe dos lugares máis adecuados para grupos numerosos:

- Área de lecer de monte Couso (Aguiño)
- Área de lecer no porto (Aguiño)
- Área de lecer do río Artes (Artes)
- Área de lecer de San Roque (Carreira)
- Área recreativa do Vilar (Carreira)
- Área de lecer de Carreira
- Área de ocio de Laxe da Gata (Corrubedo)
- Área de lecer de monte Facho (Corrubedo)
- Área de lecer de Canabeiros (Oleiros)
- Área de lecer do río Azor (Palmeira)
- Área de lecer do pinal da praia da Corna (Palmeira)

Para a localización de cada un destes merendeiros aconséllase facer unha consulta na páxina web <http://turismo.riveira.es>. As áreas de lecer aparecen no apartado de *Que facer?/Esparexemento e relax*.

Se o colexio precisa información sobre os restaurantes con gran capacidade para acoller grupos, é aconsellable poñerse en contacto co departamento de turismo do Concello de Ribeira:

**Centro de Interpretación Arqueolóxica do Parque periurbano de San Roque**

**686 587 000**

[turismo@riveira.gal](mailto:turismo@riveira.gal)

[turismo@riveira.com](mailto:turismo@riveira.com)



## 7. PROPOSTA DE ITINERARIOS ADAPTABLES ÁS NECESIDADES DE CADA COLEXIO

### 7.1. RIBEIRA PREHISTÓRICA

- Chegada ao Parque Periurbano de San Roque.  
*Con aparcadoiro para autobuses e espazo de lecer con mesas e bancos para comer.*
  
- Visita guiada ao Centro de Interpretación Arqueolóxica de San Roque  
*Duración: 45 minutos segundo o tamaño do grupo.*  
*Previa reserva de grupos para realizar a visita guiada.*
  
- Percorrido guiado polo Parque Periurbano de San Roque: miradoiro, área do megalitismo, área dos gravados rupestres e área da cultura castrexa.  
*Duración: 45 minutos.*  
*Previa reserva de grupos para realizar a visita guiada.*
  
- Comida na área de lecer do Parque Periurbano de San Roque.
  
- Visita guiada ao miradoiro da Pedra da Ra  
*Duración: 15 minutos.*  
*Previa reserva de grupos para realizar a visita guiada.*  
*Con aparcadoiro para autobuses.*
  
- Visita guiada ao castro da Cidá  
*Duración: 15 minutos.*  
*Previa reserva de grupos para realizar a visita guiada.*
  
- Visita libre ao dolmen de Axeitos  
*Duración: 15 minutos.*  
*Visita sen servizo de guiado.*  
*Con aparcadoiro para autobuses e espazo de lecer con mesas e bancos para comer.*



## 7.2. RIBEIRA MUSEÍSTICA

- Visita guiada á Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital  
*Duración: 60 minutos.*  
*Previa reserva de grupos para realizar a visita guiada.*  
*Posibilidade de realizar obradoiros para nenos e nenas no museo.*  
*O autobús deberá parar a 100 m do edificio do museo e o alumnado deberá facer ese percorrido a pé.*
  
- Paseo libre pola pasarela do parque natural que conduce á duna móbil.  
*Duración: 30 minutos.*  
*Visita sen servizo de guiado. Para máis información poñerse en contacto coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza.*
  
- Comida na área de lecer de monte Facho ou na área do río Artes.
  
- Visita guiada ao Museo Etnográfico de Artes.  
*Duración: 60 minutos aproximadamente.*  
*Previa reserva de grupos para realizar a visita guiada.*



### 7.3. RIBEIRA NATURAL

- Visita ao miradoiro da Pedra da Ra.  
*Duración: 15 minutos.*  
*Se se desexa facer unha visita guiada, reserva previa no departamento de turismo do Concello de Ribeira.*  
*Con aparcadoiro para autobuses.*
  
- Casa da Costa: proxección do vídeo da formación do parque natural.  
*Duración: 15 minutos.*  
*Previa reserva para grupos.*  
*Con aparcadoiro para autobuses.*
  
- Visita guiada ao Centro de Interpretación dos Ecosistemas Litorais de Galicia (CIELGA).  
*Duración: 45 minutos, aproximadamente.*  
*Previa reserva de grupo para realizar a visita guiada.*
  
- Percorrido por libre do Camiño da praia para gozar da praia do Vilar.  
*Duración: 30 minutos, aproximadamente.*  
*Visita sen servizo de guiado. Para máis información poñerse en contacto coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza.*
  
- Comida na área de lecer do Vilar ou na área de monte Facho.
  
- Paseo libre pola pasarela do parque natural que conduce á duna móbil.  
*Duración: 30 minutos.*  
*Visita sen servizo de guiado. Para máis información poñerse en contacto coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza.*
  
- Paseo libre polo entorno do cabo e faro de Corrubedo.  
*Duración: 15 minutos.*  
*Visita sen servizo de guiado.*



## 8. CONTACTO PARA SOLICITAR INFORMACIÓN

Centro de Interpretación Arqueolóxica do Parque Periurbano de San Roque

Dirección: Frións-Carreira

Teléfono: 686 587 000

E-correo: [turismo@ribeira.gal](mailto:turismo@ribeira.gal); [turismo@riveira.com](mailto:turismo@riveira.com)